



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA AVALIACIÓN SOCIOECONÓMICA DO "PLAN COMO NA CASA".

En Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2018.

REUNIDOS:

Dunha parte, **DON JOSÉ MANUEL REY VARELA**, Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991, nomeado para dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en relación co establecido no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica de la Xunta de Galicia, polo Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica de la Consellería de Política Social.

Doutra parte, **DON JUAN VIAÑO REY**, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela; que intervéñen no exercicio da máxima representación institucional da referida Universidade conferida polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.


Ambas partes recoñécense mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

Primeiro.- O Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (en adiante Consellería), atribúe a este Departamento e aos seus órganos dependentes competencias e funcións en de proposta e execución das políticas do Goberno no ámbito do benestar, que engloban competencias en materia de servizos sociais, políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención a persoas discapacitadas e a persoas maiores, promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia e políticas de xuventude e voluntariado.

Segundo.- Todas as funcións recollidas no expoñendo precedente implican unha serie de actuacións relacionadas co estudo, avaliación e extrapolación de datos de tipo socioeconómico.

Terceiro.- O artigo 1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos, **a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.**





Cuarto.- Existe un interese concorrente da Consellería e da Universidade de Santiago de Compostela - denominada, no sucesivo "a Universidade"- en realizar unha serie de estudos que combinen como medida total económica e sociolóxica a posición económica e social individual e familiar dos potenciais usuarios dos centros residenciais dependentes da Consellería, baseada nos seus ingresos, situación familiar, situación económica e circunstancias psíquico-sensoriais. Neste sentido, o conxunto de datos e variables socioeconómicas que conforman a contorna dos potenciais usuarios dos nosos centros permiten dar unha medida aproximada das necesidades que é preciso satisfacer e o custo ao que se enfronta a Administración.

É por isto que ambas entidades pretenden subscribir unha colaboración de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións para a realización dun estudo agregado macro e micro económico relacionado coas circunstancias socio-económicas dos potenciais usuarios dos Centros Residenciais dependentes da Consellería, aos efectos de poder establecer unha foto fixa da sociedade con necesidades especiais de integración por razón de idade e/ou enfermidades, así como, unha estrutura de custes que defina con detalle os investimentos aos que deberá facer fronte a Consellería para poder abordar mediante a construción de 7 Residencias-"Plan como na Casa" (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela) ás necesidades de apoio, coidado e asistencia dos anciás das grandes cidades galegas e a súa área de influencia.

Segunda.- Compromisos da Universidade.

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Universidade comprométese a:

1º.- Realizar un estudo socioeconómico sobre a situación actual da poboación anciá nas grandes cidades galegas e na súa área de influencia.

2º.- Realizar un estudo de custes detallando cal é o investimento que necesita afrontar a Consellería aos efectos de sufragar estas necesidades de integración.

3º.-Realizar un estudo de viabilidade económica-financieira que conteña como mínimo os datos establecidos no artigo 247 da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, onde ademais se poñan de manifesto nun Anexo aparte os seguintes extremos:

- Custe de construción de 5 residencias con capacidade para 120 usuarios dependentes.
- Custe de construción de 2 residencias con capacidade para 150 usuarios dependentes.
- Custe de redacción dos proxectos de obra para as 7 Residencias.
- Custe da praza tendo en conta os parámetros de funcionalidade achegados pola Consellería (servizos básicos e outros servizos).
- Custes máximos e mínimos que resultarían da aplicación dun réxime tarifario segundo volume de ocupación.
- Custe de explotación mediante xestión pública e mediante xestión privada.
- Canon a achegar á Consellería supoñendo que se concertan un 40% das prazas de cada Residencia.
- Necesidade de afrontar por parte da Consellería parte do custe da obra sendo a forma de xestión un contrato de concesión de obra pública.





A Universidade dispón dun prazo de 1 mes a contar desde a primeira reunión da Comisión de Seguimento do Convenio para achegar a Consellería un borrador dos estudos realizados, que será avaliado por técnicos competentes designados por esta antes de proceder a súa redacción final. Nun prazo máximo doutro mes desde a entrega do borrador deberá presentar o estudo definitivo que será sometido a aprobación polo órgano competente da Consellería.

Terceira.- Compromisos da Consellería.

1.-Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Consellería se compromete a achegar todos aqueles datos relacionados co seu ámbito competencial que obren no seu poder e faciliten o traballo dos técnicos da Universidade (datos demográficos, % de situación de desamparo, datos dos centros que funcionan na actualidade...). Ningún dos datos que se facilite terá carácter nominativo nin permitirá identificar mediante calquera seña de identidade aos usuarios das Residencias ou potenciais usuarios que se atopen en listas de espera.

2.-Afrontar o pagamento dos custes en que incorra a Universidade previa presentación de factura nos termos establecidos na estipulación Quinta.

Cuarta.- Réxime aplicable ao persoal que participe no estudo e departamentos implicados

O persoal dos departamentos encargados da realización dos estudos definidos na estipulación segunda poderán estar apoiados na realización dos seus traballos por PERSOAL (estudantes) do departamento. O persoal que participe nas actividades que se desenvolvan ao amparo do presente convenio non terá vinculación laboral ou de calquera outra índole coa Xunta de Galicia.

O estudo exposto no apartado 2 será executado polo seguintes departamentos:


- Organización de Empresas y Comercialización.
- Economía Aplicada
- Economía Financeira e Contabilidade

Quinta.- Financiamento.

A Consellería comprométese a aportar a cantidade de 30.000 €, con cargo a aplicación orzamentaria 12.04.312D.228.1, que dea cobertura parcial aos diferentes custos en que vai incorrer o departamento. Deberá determinarse o desglose de actividades e custe das mesmas.

As facturas presentaranse en dúas partes:

- Unha vez entregado o borrador inicial e sendo este aprobado pola Consellería, tras a emisión da correspondente factura, realizarase un pago de 15.000€.
- Unha vez achegado o estudo final, e sendo este aprobado pola Consellería, tras a emisión da correspondente factura, realizarase un pago de 15.000€.



[Handwritten signature]



Sexta.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento, que terá por obxecto a vixilancia e control do cumprimento do presente convenio así como a resolución dos problemas que podan suscitarse en relación coa súa interpretación ou execución, estando composta polos seguintes membros:

a).- Pola Consellería, désígnanse as seguintes persoas:

- Conselleiro ou persona en quen delegue ou a supla-Ostenta a máxima representación do órgano actuando como Presidente do mesmo.
- Vicesecretario Xeral ou persona en quen delegue ou a supla.
- Director/a Xeral de Maiores e Dependencia ou persona en quen delegue ou a supla.
- O subdirector xeral de Recursos Económicos ou persona en quen delegue ou a supla.

b).- Pola Universidade, désígnanse as seguintes persoas:

- O Reitor da Universidade ou persona en quen delegue ou a supla.
- Un responsable do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización designado polo Reitor.
- A Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou persona en quen delegue ou a supla.

No réxime de funcionamento da Comisión Mixta estarase ao disposto para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando como secretario un funcionario designado polo Conselleiro de Política Social.

Son funcións da Comisión Mixta:

- Velar polo correcto funcionamento das obrigas contraídas polas partes.
- Velar polo cumprimento das obrigas de intercambio de información que atañen a ambas partes.
- Convocar unha reunión extraordinaria en caso de que a Consellería precise coñecer información con anterioridade ao vencemento do prazo de entrega do traballo.
- Resolver sobre os conflitos que poidan xurdir en canto a aprobación do borrador inicial e do documento final.

Sétima-Propiedade dos traballos

Unha vez elaborados os traballos estes pasarán a ser propiedade da Xunta de Galicia, sen que a Universidade poida difundir ningún dato que de estes se derive sen a previa aprobación da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a Xunta de Galicia sempre que utilice os resultados dos estudos en publicacións oficiais deberá facer constar a fonte.



pl



Oitava.- Vixencia.

A duración do presente convenio extenderase dende o momento da súa sinatura ata a finalización dos traballos, establecendo para a finalización destes un prazo máximo de dous meses a partir da data da constituición da primeira comisión de seguimento de acordo ao previsto na cláusula segunda: En calquera caso a vixencia do convenio expirará o 31 de outubro de 2018 e non caberá prórroga do convenio.

Unha vez transcurrida esta data, entenderase extinguidas as obrigas das partes.

Novena.-Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, normativa local, concordante e de desenvolvemento.

Para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no seu cumprimento estarase ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Soamente se aplicará o dereito privado con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagoas que poidan xurdir.

Décima.- Incumprimentos e reintegros.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o importe percibido, así como os intereses de demora correspondentes.

Décimo primeira.- Causas de resolución


Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes
- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- O mutuo acordo das partes.

Décimo segunda.- Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega

As partes asinantes consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións incluídas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade




galicia

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar e a un só efecto en Santiago de Compostela

Pola Xunta de Galicia
O Conselleiro de Política Social


José Manuel Rey Varela

Pola Universidade
O Rector
22/07/2015
08/10/2015
VICERRECTORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN



Asdo.: Isabel Rodríguez-Moldes Rey